

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE MAIO DE 2024

Ás 10:35 horas do día 22 de maio de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 16 de maio de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Fernando González Abeijón, representante do PP  
Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral  
Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos  
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos  
María del Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Transportes  
María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2a e 3a)  
María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11812-307)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.

### 3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11812-307)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do Servizo de Festas (10069-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 16 de maio de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

En vista do devandito informe, a Mesa acorda, tamén por unanimidade/ dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a JUAN PABLO RIVAS PIRES, SACAFERRO, S.L. e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP ("Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 22,5 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 22,5 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.").

### 11. Propostas de adxudicación

#### a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BBH7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2) en 13 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Presenta, tamén, o licitador, os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social, figurando no expediente o certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias do Concello de Vigo

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- *Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas.*

2º.- *Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 12/12/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas.*

3º.- *O importe máximo do contrato plurianual é de 2.102.607,20 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BB7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Alonso e de Bouzas, con cargo á bolsa de vinculación das aplicacións orzamentarias 3230.227.9912 (EIM Tomás Alonso) e 3230.227.9913 (EIM Casiano Martínez), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)		
	Lote 1: Tomás Alonso	Lote 2: Bouzas	TOTAL
2024 (6 meses - desde 01/06)	142.809,02	143.910,14	286.719,16
2025 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	525.651,80
2026 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	525.651,80
2027 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	525.651,80
2028 (5 meses - ata 31/05)	119.007,52	119.925,12	238.932,64
Total	1.047.266,16 €	1.055.341,04 €	2.102.607,20 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**Segundo.-** En data 20 de marzo de 2024, D<sup>a</sup>. Montserrat Carrera Leirós, en nome e representación de SN de CCOO de Galicia, na súa cualidade de secretaria da U.C de Vigo, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"1º Tomar razón da Resolución nº 55/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 40/2024, interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación da xestión parcial das Escolas Infantís Municipais "Tomás Alonso" (lote 1) e "Bouzas" (lote 2), expediente 62777-332. Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación da xestión parcial das Escolas Infantís Municipais "Tomás Alonso" (lote 1) e "Bouzas" (lote 2), expediente 62777-332 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo."

**Cuarto.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BBH7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



13 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de maio de 2024, de MEGADIVER SOCIEDUCATIVA, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC-do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332) na seguinte orde descendente:*

- Lote 1

	EMPRESAS	TOTAL
1	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L.	95.00
2	AURORA, PILAR Y ANA S.L.	85.03
3	COLEGIO LOS MILAGROS S.L.	77.79

- Lote 2

	EMPRESAS	TOTAL
1	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L.	88.66
2	AURORA, PILAR Y ANA S.L.	86.50
3	COLEGIO LOS MILAGROS S.L.	85.01

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Quinto.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), o día 13 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida o 15 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BBH7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución, cos estatutos, da licitadora, e escritura de segregación xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (184.684,69 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (184.684,69 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Seguros de caución por un importe, para o lote 1, de 47.713,45 € e, para o lote 2, de 50.218,40 € que cobren as garantías definitivas requiridas para ambos lotes, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por KOALA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BBH7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de abril e 3 de maio de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**"Primeiro.-** Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de maio de 2024, de MEGADIVER SOCIEDUCATIVA, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC-do PCAP.

**Segundo.-** Adxudicar a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332) coas seguintes condicións:

- Lote 1

- a) O prezo total do contrato é de 954.268,92 euros, IVE exento.
- b) Incremento de 10 horas a semana de adicación do servizo de orientación familiar a maiores do mínimo esixido (2 horas/semana).
- c) Achega de 5.000,00 euros en materiais didácticos.

- Lote 2

- a) O prezo total do contrato é de 1.004.368,08 euros, IVE exento.
- b) Incremento de 10 horas a semana de adicación do servizo de orientación familiar a maiores do mínimo esixido (2 horas/semana).
- c) Achega de 5.000,00 euros en materiais didácticos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

## 12. Proposta de declaración de procedementos desertos

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do Servizo de Festas (10069-335)

A vista das actuacións da Mesa de Contratación, na súa sesión do 22 de maio de 2024, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do Servizo de Festas (10069-335)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do Servizo de Festas (10069-335).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 26 de abril de 2024, rematando o prazo de presentación de ofertas o 29 de setembro.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 9 de outubro de 2023, durante o prazo de recepción de ofertas, que rematou o 13 de maio de 2024, presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. JUAN PABLO RIVAS PIRES.
2. SACAFERRO, S.L.
3. SOLIMUSIC EVENTS SLU .

**Cuarto.-** En data 16 de maio de 2024 procedeuse a apertura e cualificación da documentación administrativa pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, que acordou por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a todos os licitadores "por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos".

Na mesma sesión da Mesa de Contratación do 16 de maio de 2024 procedeuse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos., e a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BBH7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**Quinto.-** Con data 16 de maio de 2024, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, emite informe técnico de valoración da documentación presentada no sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 22 de maio de 2024.

En base ao referido informe, a Mesa de Contratación acordada, asemade, a exclusión de JUAN PABLO RIVAS PIRES, SACAFERRO, S.L. e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC- do PCAP ("Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 22,5 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 22,5 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.").

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que todas as licitadoras admitidas neste procedemento foron excluídas do mesmo por acordo da Mesa de Contratación de data 22 de maio de 2024, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC- do PCAP, compre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do Servizo de Festas (10069-335) por quedar excluídas todas as licitadoras admitidas no mesmo."*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:42	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AC5A-AHE2C7-E5C98C-7VZL8P-BBH7KY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		